

## INFORMACIÓN SOBRE A PRESENTACIÓN POR SEDE ELECTRÓNICA

(<https://sede.xunta.gal/portada>)

**Non se considerará como presentada unha solicitude, a través da Sede Electrónica, co mero inicio do procedemento de presentación, sen que veña asinada dixitalmente.**

**Presentación telemática en Sede Electrónica (opción de gravación do formulario da aplicación <http://www.edu.xunta.es>)**

1.- Unha vez cuberto o formulario na aplicación ([www.edu.xunta.gal/axudasle](http://www.edu.xunta.gal/axudasle)), localice o procedemento (ED504B) ou servizo na guía de procedementos e servizos (<https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>), consulte a información do trámite e revise a documentación obrigatoria para presentar a solicitude que figura na pestana "Presentación" no apartado "Documentación para a presentación".

No apartado "Anexos asociados" ten dispoñibles os modelos en formato .pdf daqueles documentos que se precisan. Descargue no seu equipo os modelos que deba presentar e cúbraos. Garde, imprima ou escanee cada modelo cuberto a un arquivo electrónico para anexalo posteriormente na presentación.

2.- Prema en "Tramitar en liña" para iniciar o trámite electrónico.

Identifíquese empregando un certificado electrónico ou Chave365.

3.- Agora xa está dentro do seu espazo persoal "A miña sede".

Cubra o formulario e lembre que pode gardalo para recuperalo máis adiante desde o apartado "Os meus borradores" de "A miña sede".

Cando o teña cuberto, prema en "Continuar".

4.- Anexe a documentación que queira presentar xunto co formulario de solicitude. Inclúa os modelos cubertos no paso 1.

5.- **Asine** o formulario e a documentación que quere entregar.

Pode facelo cun certificado electrónico empregando a aplicación Autofirma ou, se emprega Chave365, coa clave de sinatura que recibirá no seu móbil.

6.- *Descargue o xustificante da presentación.*

**Poderá tamén acceder á copia dos documentos presentados (así como da solicitude asinada) facendo "click" sobre o expediente no apartado "Últimos expedientes e presentacións" de "A miña sede".**